

4



4) POLÍGONOS AGROFORESTAIS PRIVADOS.

Introdución e obxectivos



Os polígonos agroforestais son instrumentos para a recuperación e posta en produción de terras de boa capacidade produtiva, que se atopan en estado de abandono ou infrautilización ou sexan susceptibles de optimización, coa finalidade de construír áreas de explotación que garantan a súa rendibilidade. Con isto búscase a mellora da estrutura territorial, o desenvolvemento de áreas con valores especiais e o xurdimento de novas iniciativas formativas/productivas de carácter social.

Os polígonos agroforestais poden ser de iniciativa pública ou de iniciativa privada. Ambos tipos de polígono, compren unha serie de características comúns:

- A execución pode ser en lotes ou nunha área única.
- Declaración de utilidade pública e interese social.
- Inscripción no rexistro de polígonos agroforestais.
- Existe un control de acaparamento de terras.
- Posibilidade de reestruturación parcelaria.

Nesta ficha técnica, aportaranse os requisitos, documentación e demais puntos a ter en conta para a implantación dun polígono agroforestal de carácter privado. Neste tipo de proxectos, o axente promotor presenta a solicitude do polígono e redacta o proxecto; e AGADER pola súa parte leva a cabo os informes de viabilidade, a tramitación ambiental, a solicitude de informes sectoriais, a revisión do proxecto, a investigación das titularidades e a aprobación do mesmo.

Adhesión aos polígonos agroforestais

Os propietarios/as dos predios que se inclúan nos polígonos, ó igual que nas iniciativas públicas, poderán optar por:

- Venda ou permuta.
- Arrendamento.
- Manter ou poñer en produción.

De non optar por ningunha das opcións, poderase abrir un procedemento de declaración do incumprimento da función social da propiedade, declarado a situación das terras en abandono ou infrautilización. Neste caso, estas terras serán integradas no proxecto e arrendadas polo Banco de terras.

Requisitos

Os requisitos serán comúns tanto para polígonos agroforestais públicos como privados.

- Deberase de contar co acordo dos propietarios/as de máis do 70% da superficie do polígono.
- O estado de abandono ou infrautilización do perímetro proposto non pode ser inferior o 50% da superficie, excepto que os propietarios/as de máis do 70% da superficie se comprometan desde o inicio a manter ou poñer en produción as terras.
- O perímetro da superficie do polígono debe de superar as 10 ha de extensión. Excepcionalmente, poderanse levar a cabo para perímetros menores, de existir circunstancias de índole ambiental, agroforestal ou socioeconómicas que así o xustifiquen, debidamente acreditadas.

Solicitud

O axente promotor deberá presentar a solicitude que deberá cumprir os requisitos xerais establecidos no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e ademais deberase de achegar os seguintes documentos: Solicitud I e Modelo de sinaturas coa declaración responsable e autorización correspondente. Toda a documentación que debe de ser cuberta achégase en forma de anexos con este documento.

Para presentar a proposta do polígono agroforestal, unha vez cuberta a documentación pertinente, deberase de enviar a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) a través do seguinte enderezo electrónico: poligonos.agader@xunta.gal

Requisitos do artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

1. Nome e apelidos do interesado e, no seu caso, da persoa representante (modelo de sinaturas coa declaración responsable e autorización correspondente).
2. Identificación do medio electrónico, o no seu defecto, lugar físico no que se desexa que se practique a notificación (modelo de sinaturas coa declaración responsable e autorización correspondente).
3. Feitos, razóns e petición no que se concrete con toda claridade a solicitude (Anexo I).
4. Lugar e fecha (modelo de sinaturas coa declaración responsable e autorización correspondente).
5. Firma do solicitante ou acreditación de autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio (modelo de sinaturas coa declaración responsable e autorización correspondente).
6. Órgano, centro ou unidade administrativa a que vai dirixida a solicitude (modelo de sinaturas coa declaración responsable e autorización correspondente).

A continuación indícase como cubrir os documentos da solicitude e como facelo de forma correcta.

Modelo de sinaturas coa declaración responsable e autorización correspondente

Neste modelo cubrirase a os datos da persoa declarante, así como os datos para os efectos de notificacións. Ademais, xunto con este modelo, deberase de achegar a seguinte documentación:

- DNI/NIE da persoa física declarante
- DNI/NIE da persoa física representante (de ser o caso)
- NIF da entidade declarante
- Anexo I

Documento Solicitud I_1

1. Identificación do perímetro do polígono Agroforestal proposto.

a. Esquema croques/localización:

Débese de entregar un croques coa localización de onde se quere situar o polígono. No croques debe de aparecer todo o perímetro que se quere incluír dentro do polígono.

Na imaxe inferior, móstrase como se pode sacar a información das parcelas e ademais os pasos para elaborar o croques do perímetro total e descargar o arquivo "PDF" coa imaxe.



Imaxe 17. Elaboración dun croques mediante SIXPAC

Premendo na icona "croques" marcada en amarelo na imaxe superior, ábrese a ventá de debuxo. O seguinte paso é marcar a parcela que nos interesa; para isto prememos na icona que sinalamos en vermello na imaxe e situamos o cursor sobre a nosa parcela ata que esta quede marcada en color verde.

Premendo sobre a icona da impresora (sinalada en laranxa) ábrese unha nova ventá na que aparece a información e o croques da parcela. Este arquivo podemos gardalo en versión "pdf" ou imprimilo.

 GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN		CROQUIS DE APOYO A LAS SOLICITUDES DE AYUDA RELACIONADAS CON LA SUPERFICIE AÑO 2023		
DATOS IDENTIFICATIVOS DEL RECINTO SIGPAC				
Provincia: LUGO	Cod. Provincia: 27	Agregado:	Polígono: 1	Recinto: 1
Municipio: CASTROVERDE	Cod.INE/CAT: 11	Zona: 1	Parcela: 89	
ORTOFOTO Y PARCELARIO SUPERPUESTO		Escala: 1:1000	Pendiente (%): 10,40	
Recinto SIGPAC delimitado y croquis resultante				
				
DATOS DE LA PARCELA AGRICOLA		Nº EXPTº	Nº de ORDEN	
DATOS RELATIVOS A LAS SUPERFICIES		Medida en el croquis (ha)	Declarada en el Recinto (ha)	
FRUTOS CON CÁSCARA			FRUTOS SIN CÁSCARA	
Tipo de Árbol	Nº en Croquis	Nº declarado en recinto	Tipo de Árbol	Nº en Croquis
Almendro	0		Hoguel	0
Algarrobo	0		Pistacho	0
Avellano	0		Citrus	0
Castaño	0		Total	0
TITULAR DE LA EXPLOTACIÓN				
CIF / NIF				
Fecha y Firma				


Imaxe 18. Croques e información dunha parcela en "pdf"

b. Coordenadas:

Débese de identificar as coordenadas da poligonal que encadra o perímetro proposto para o polígono de acordo co sistema de referencia ETRS89/zona UTM 29N.

- Coordenadas UTM: deben ser indicadas as coordenadas X e Y da poligonal que encadra o perímetro proposto.
- Coordenadas cartográficas: deben de indicarse a latitude e lonxitude do perímetro proposto.

A información destas coordenadas podemos atopala na páxina web do SIXPAC (<https://sigpac.mapama.gob.es/fega/visor/>) . Premendo na icona de buscar, e facendo unha busca directa da parcela, obteremos a información desexada do punto desexado. Os pasos a seguir, especificáanse a continuación.



Imaxe 19. Busca dunha parcela mediante a páxina do SIXPAC

Pasos a seguir:

- █ Premer na icona de busca
- █ Introducir os datos correspondentes a parcela
- █ Coordenadas UTM e cartográficas dun punto

c. Relación de parcelas:

Debe indicarse, para cada unha das parcelas que vaia a conformar o perímetro do polígono:

- Concello
- Polígono
- Parcela
- Rexistro catastral (referencia catastral)

Esta información podemos sacala tamén da páxina do SIXPAC. Mediante a función Consulta > Parcela e facendo dobre clic co rato sobre cada unha das parcelas, ábrese un documento onde aparece toda a información, anteriormente citada, desa parcela.



Imaxe 20. Consulta dunha parcela mediante a páxina do SIXPAC

Documento Solicitud I_2

2. Obxectivos do polígono agroforestal proposto:

a. Obxectivos xerais

Neste apartado deberánse de indicar todo sos cultivos ou aproveitamentos das terras que van a estar incluídas dentro do perímetro do polígono proposto.

b. Características técnicas

Neste apartado, débese de indicar para cada un dos cultivos/aproveitamentos que se pretende de instalar no polígono:

- Superficie que vai a ocupar (ha) o cultivo/aproveitamento.
- Unidades: número de unidades que van estar destinadas a dito cultivo/aproveitamento.
- Tipo: de que tipo de cultivo/aproveitamento estamos a falar.
- Variedade: dependendo do tipo de cultivo podemos falar de diferentes variedades do mesmo. De ser o caso, indicar cada unha das variedades empregadas.
- Sistema produtivo: débese de indicar o sistema no que se vai a implantar o cultivo/aproveitamento (extensivo, intensivo, semi-extensivo...)

Documento Solicitud I_3

3. Acordo das persoas propietarias e/ou representantes

Débese de achegar documentación que acredite o acordo entre as persoas propietarias ou representantes dos titulares dos dereitos de uso ou aproveitamento que supoña un mínimo do 70% do total da superficie incluída dentro do perímetro do

polígono agroforestal proposto (válida declaración responsable). Para isto, débese de achegar a seguinte información:

a. Acreditación de titularidade das parcelas.

Débese de cubrir cos datos do titular/titularse (persoa ou entidade promotora), para cada unha das parcelas, e debe de incluír os seguintes puntos:

- Concello onde se sitúa a parcela
- Referencia catastral da parcela
- Natureza do ben
 - Ganancial: aqueles bens adquiridos polos cónxuxes, ou un deles, durante o matrimonio, a excepción dos títulos recibidos a título gratuito.
 - Privativo: aqueles que son propiedade de un dos cónxuxes e que polo tanto non pertencen á sociedade de gananciais do matrimonio. Ó ser propiedade exclusiva de un dos cónxuxes, este mantén liberdade de disposición sobre os mesmos.
 - Ningún: aqueles que non corresponden a ningún dos casos anteriores.
- Adquisición do ben
 - Compra
 - Herdanza
 - Doazón
 - Outros (permuta,...)

b. Acreditación de dereitos sobre o uso da parcela.

Débese de cubrir para cada unha das parcelas quen adquiriu os dereitos para cada unha das parcelas e de que xeito o fixo. Para isto, é necesario presentar:

- Concello onde se sitúa a parcela
- Referencia catastral da parcela
- Adquisición: cesión en precario, arrendamento, dereito de uso...
- Documento: precompromiso, precontrato, contrato de arrendamento, cesión...

c. Superficie total/superficie aportada

Acreditación de acordo dos propietarios/as que supoñan un mínimo do 70% do tal da superficie incluída dentro do polígono agroforestal proposto. Deberán de ser parcelas enteiras, non se poderán acreditar achegas parciais de pro-indivisos.

Deberase achegar a superficie total que se quere destinar ó polígono agroforestal (ha) e a relación de superficie aportada mediante o acordo cos propietarios/as.

Documento Solicitud I_4

Existen unha serie de excepcións polas cales os axentes promotores solicitantes, están excluídos de cubrir e entregar esta parte do anexo (puntos 4 e 5). As excepcións serían as seguintes e deberíanse de acreditar documentalmente.

- Estar inscrito no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (antigüidade mínima de tres anos).
- Contar cun plan de viabilidade aprobado pola Administración autonómica (antigüidade mínima de tres anos).
- Contar cun titular inscrito no Rexistro Voluntario de Silvicultores Activos (antigüidade mínima de tres anos).
- Contar cun titular dun terreo forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados (antigüidade mínima de tres anos).

Os promotores que non cumpran, polo menos un destes requisitos, deberán entregar a documentación que se especifica nos puntos 4 e 5.

4. Acreditación de medios persoais e técnicos.

Débense indicar tanto os medios técnicos como os recursos humanos do que o promotor conta para levar a cabo o proxecto de polígono agroforestal.

Medios técnicos:

- Infraestruturas e instalacións: análise detallado das instalacións requiridas (en caso de sexan necesarias), e describir as características necesarias (tipo de instalación, tamaño, distribución, regulamentación especial do sector..).
- Maquinaria e equipamento necesario na implantación e posterior mantemento do polígono: mobiliario, maquinaria, equipamento.
- Medios de transporte (en caso de ser necesarios): réxime propio ou aluguer, descrición da maquinaria...

Medios persoais:

- Análise dos postos de traballo que se van precisar. Número de persoas que se conta.

5. Plan de negocio.

Deberase achegar dun plan de negocio do proxecto produtivo de polígono agroforestal que acredite a súa viabilidade económica e técnica e, en particular, as súas fontes de

financiamento e as garantías económico-financeiras que sexan precisas para a súa execución.

Os puntos a incluír nun plan de negocio, serían os seguintes:

- Resumo executivo do proxecto: resume do documento en xeral deixando establecidas as estratexias do proxecto.
- Análise do entorno: (legal, económico e ambiental)
- Formulación estratéxica: especificase a misión e a finalidade coa que se quere elaborar o proxecto.
- Estratexia de mercado: para unha posible comercialización dos produtos obtidos mediante o polígono.
- Proceso produtivo e modelo produtivo dos cultivos/aproveitamentos
- Análise financeiro: avaliación da viabilidade do proxecto e tendo en conta as posibles inversións, custos e beneficios do proxecto.
- Conclusións.
- Plan de acción a tomar.

6. Documento ambiental

De ser o caso, deberase achegar documento ambiental que incluírá os contidos regulados na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa. Motivos que fundamenten a excepcionalidade de tramitación ambiental. Segundo a lei anteriormente informe de avaliación ambiental, debera de conter, como mínimo, a seguinte información:

- Obxectivos da planificación.
- Aspectos relevantes da situación actual do medio ambiente e a súa probable evolución no caso de levar a cabo o proxecto.
- Características medio ambientais da zona que se podan ver afectadas de maneira significativa pola implantación do proxecto.
- Calquera problema medio ambiental existente que sexa relevante para o proxecto, incluíndo especialmente os relacionados con calquera zona de importancia medioambiental.
- Obxectivos de protección medioambientais fixados nos ámbitos internacionais, nacionais ou comunitarios, que garden relación co proxecto e a maneira en que tales obxectivos se van ter en conta durante a vixencia do mesmo.
- Probables efectos significativos no medio ambiente pola implantación do proxecto, incluídos aspectos como a biodiversidade, poboación, saúde humana, fauna, flora, terra, auga, aire, factores climáticos e en particular a avaliación da pegada de carbono asociado ó proxecto.

- As medidas previstas para previr, reducir e, na medida en que sexa posible, compensar calquera efecto negativo importante no medio ambiente da aplicación do proxecto.
- Resume dos motivos da selección das alternativas contempladas e unha descrición da maneira na que se realizou a avaliación.
- Programa de vixilancia ambiental no que se describan as medidas previstas para o seguimento.
- Resumo do carácter non técnico da información facilitada en virtude dos epígrafes precedentes.

Procedemento

1. Solicitude a AGADER
 - a. Identificación do perímetro, obxectivos e aproveitamentos.
 - b. Acordo dos propietarios/as de, como mínimo, do 70% da superficie.
 - c. Dispoñibilidade de medios.
 - d. Plan de negocio.
 - e. Documento ambiental (se é preciso).
2. Informe de viabilidade
 - a. Superficie mínima de 10 ha.
 - b. Grado de abandono.
 - c. Control de acaparamento.
3. Declaración de utilidade pública e interese social.
4. Redacción do proxecto:
 - a. O perímetro, o catálogo parcial, o documento ambiental e os prezos e superficies mínimas.
 - b. Revisión do parcelario.
 - c. Exclusiones.
 - d. Titularidade.
 - e. Compromisos de adhesión (70% superficie).
 - f. Proposta de restauración da propiedade.
 - g. Proxecto técnico.
5. Exposición pública.
6. Compromiso de adhesión.
7. Aprobación do proxecto.



CONTACTO

Asociación de Grupos De
Desenvolvemento Rural De Galicia
Rúa San Marcos, s/n
15318 – Abegondo
(A Coruña)
info@agdr.gal | <https://agdr.gal/>

